

EXTRACTO DE ACORDOS COMISIÓN DELEGADA

27/12/2022

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Calendario Provisional de Actividades 2023.

O calendario Provisional de Actividades elabórase acorde ao calendario nacional xunto coa opinión dos distintos comités técnicos.

Aínda faltan moitas datas e sedes por pechar sendo as xa confirmadas as que recolleemos no arquivo adxunto.

Pablo Hinojar destaca que non temos rexistradas as datas de Campionatos de Trampolín e que poden solaparse con outras datas doutras modalidades. Cristina Sánchez responde que ese comité é o único que non se reuniu dado que o seu calendario internacional non permitiu reunirmos antes deixando dita reunión para as primeiras semanas de xaneiro. En caso de ser necesario mover a data dalgunha modalidade estudarase porque mentres non teñamos confirmación de sedes o calendario é provisional.

A Comisión Delega informa positivamente deste punto da orde do día.

3º.: Normativas 2023

As normativas técnicas de cada modalidade están elaboradas polos distintos comités técnicos para a tempada 2023. Temos pendente reunir ao comité de Ximnasia Trampolín dado que tiveron competicións ata este último trimestre polo que reuníremolo en Xaneiro para establecer a revisión das normativas pendentes.

Con respecto á normativa de Licenzas este ano temos que realizar un pequena suba de 5,00€ nas licenzas tipo A e tipo B por mor da suba nos prezos do seguro deportivo. Adxuntamos a normativa de licenzas aprobada por esta Comisión Delegada para a súa probación si procede na próxima Asamblea Xeral.

4º.: Orzamentos 2023

Os ingresos estimados para esta tempada 2023 son os seguintes:

| INGRESOS | | | |
|----------|---------------------------------|--|-------------|
| 1.- | FORMACION | | 32.000,00 € |
| 2.- | SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE | | 89.751,00 € |

| | | |
|-----------------------|---|---------------------|
| 3.- | LICENZAS | 200.000,00 € |
| 4.- | INSCRICIÓN CTOS. ESPAÑA E INTER | 57.500,00 € |
| 5.- | OUTRAS SUBVENCIONES | 11.000,00 € |
| 6.- | INSCRICIONS COPAS GALICIA INTERNACIONAL | 4.500,00 € |
| 7.- | INGRESOS VARIOS | 8.849,00 € |
| TOTAL INGRESOS | | 403.600,00 € |

Os gastos estimados para esta tempada 2023 son os detallados a continuación:

| GASTOS | | |
|------------------------------------|--|---------------------|
| 1.-GASTOS DE FUNCIONAMIENTO | | |
| 1.1.-GASTOS CORRENTES | | |
| | 1.1.1.- PERSOAL | 52.000,00 € |
| | 1.1.2.-PRIMAS DE SEGUROS | 950,00 € |
| | 1.1.3.-SERVICIOS PROFESIONAIS EXTERNOS | 3.750,00 € |
| | 1.1.4.-CORREO E TELEFONO | 3.500,00 € |
| | 1.1.5.-MATERIAL OFICINA | 3.250,00 € |
| | 1.1.6.-GASTOS REPRESENTACIÓN | 4.950,00 € |
| | 1.1.7.-VARIOS E IMPREVISTOS | 2.500,00 € |
| | 1.1.8.-COMPRA MATERIAL DIVERSO | 2.250,00 € |
| TOTAL GASTOS CORRENTES | | 73.150,00 € |
| 2.- GASTOS LICENZAS | | |
| | 2.1.-HOMOLOGACIÓN LICENZAS RFEG | 48.250,00 € |
| | 2.2.-SEGURO DEPORTIVO | 72.200,00 € |
| TOTAL GASTOS LICENZAS | | 120.450,00 € |
| 3.-ACTIVIDADES | | |
| 3.1.-COMPETICIÓN | | |
| | 3.1.1.-AUTONÓMICAS (ESCOLAR E PROMOCIÓN) | 30.500,00 € |
| | 3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS | 48.500,00 € |
| | 3.1.3.-CTOS. DE ESPAÑA: XUÍCES/ZAS | 11.250,00 € |
| 3.2.- PAGO INSCRICIÓN CTOS ESPAÑA | | 57.500,00 € |
| TOTAL ACTIVIDADES | | 147.750,00 € |
| 4.-TECNIFICACIÓN | | |
| | 4.1.-XIMNASIA RÍTMICA | 4.250,00 € |

| | |
|--|---------------------|
| 4.2.-XIMNASIA DE TRAMPOLÍN | 4.000,00 € |
| 4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA | 4.000,00 € |
| 4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA | 3.750,00 € |
| 4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD | 12.500,00 € |
| TOTAL TECNIFICACIÓN | 28.500,00 € |
| 5.-FORMACIÓN | 26.250,00 € |
| 6.-ADQUISICIÓN MATERIAL DEPORTIVO | 7.500,00 € |
| TOTAL GASTOS | 403.600,00 € |

Pablo Hinojar indica que no apartado de tecnificación observa que as cantidades son as mesmas que en anos anteriores pero que as necesidades das distintas modalidades van variando dado o nivel técnico tan diferente que hai entre elas. Considera que ditos orzamentos deben ir apoiados por un proxecto o un plan de tecnificación específico e detallado non ir improvisando tecnificacións sen ningún seguimento.

Zeltia García apoia o argumento de Pablo e indica que a presentación de dito proxecto debería ser de obrigado cumprimento para ver unha evolución ou unha necesidade de variación ou plantexamento dos proxectos.

M^a Carmen Blanco engade que ademais dos proxectos sería interesante que os técnicos que as imparten elaboren un informe onde valoren a tecnificación impartida e que o comité a final de ano estableza un informe que determine a actuación de cara a seguintes tempadas.

Pablo Hinojar deixa constancia de que é moi importante incluso para a persoa que imparte as tecnificacións ter claros os obxectivos a conseguir e elaborar un informe coas incidencias detectadas no desenrolo da mesma ou as necesidades non previstas. Tamén solicita que igual que se ten estipulado un orzamento aos docentes de formación que se unifique criterio para pagar aos responsables de tecnificación agás aquelas figuras que xa teñen uns honorarios específicos dado o seu nivel técnico recoñecido.

Acórdase informar á Asamblea deste acordo reforzando que o orzamento de tecnificación será orientativo pendente da presentación dun proxecto de actividades con base orzamentaria concreta que será aprobado por Xunta Directiva e refrendado por Comisión Delegada ao ser ésta un extracto da Asamblea.

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día coa salvedade da tecnificación para a súa consideración na Asamblea Xeral.

5º.: Informe Conta de Resultados a 19/12/2022

Infórmase aos presentes que estas contas de resultados son provisionais ata a data 19 de Decembro. Hai varias cuestións que teñen que ser contabilizadas ao peche do exercicio contable anual polo que os resultados que se expoñen neste momento non son definitivos pero sí axustados ao executado no 2022.

Adxuntamos Listado de contas anuais, conta de pérdidas e Ganancias con data 19 de Decembro cun resultado provisional de perdas estimadas de 28.444,85€ nos conceptos detallados no informe adxunto.

Os membros da Comisión Delegada informan positivamente deste punto da orde do día.

6º.: Presentación Imaxe Corporativa F.G.X.

Mostramos aos presentes o dossier que será presentado na assemblea tras a súa elección na pasada Xunta Directiva.

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día de cara a súa aprobación na Asamblea.

7º.: Suxerencias e preguntas.

Mª Carmen Blanco comenta si temos en conta a Subvención de Kit Dixital, o presidente informa que xa contactou con varias empresas e estamos esperando resposta.

Mª Carmen Blanco solicita á Tesourería da Federación si sería posible non facer factura por cada ingreso senón facturación mensual ao clubes. O Tesoureiro salienta a cantidade de movementos bancarios que temos diariamente o que dificultaría e favorecería os erros ao ter que facturar mensualmente polo que continuaremos co procedemento de facturación por ingreso.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 10:50 h do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Asdo.: Cristina Sánchez Martínez

Ourense, 27 de Decembro de 2022